

Irlanda ocupou nas décadas centrais do século XIX un dos lugares preferentes na atención das sociedades europeas. A partir do decenio de 1830, a súa presenza nos medios informativos e de opinión foi tan profusa, que non resulta esaxerado considerala como un dos principais centros de interese continuado para xornalistas, publicistas e lectores do enteiro continente. Con frecuencia, a prensa diaria daba conta de diversos avatares de natureza política, económica ou social que afectaban á illa atlántica, non sendo poucas as ocasións nas que o carácter sensacional dos acontecementos que se referían facían dela o foco medular da actualidade. Así mesmo, outras publicacións periódicas de información xeral e mesmo revistas especializadas adoitaban ofrecer análises máis minuciosas sobre facianas ilustrativas da situación do país insular, a miúdo expostas en artigos asinados por persoeiros de notable prestixio nos seus correspondentes campos de estudo ou dedicación. De certo, contribuía decisivamente á gran repercusión das novidades daquela orixe o feito de que proviñesen dun espazo xeográfico que formaba parte do Estado que xa amosaba ser a principal potencia do mundo, condición que, precisamente, asentaba e ao tempo se traducía nunha impetuosa proxección exterior de orde política, económica e cultural que moitas outras nacións consideraban intrusiva e prexudicial para os seus particulares intereses. Inevitablemente, a súa preponderancia internacional facía do Reino Unido de Gran Bretaña e Irlanda un dos grandes xeradores de noticias da época, non só pola lóxica atracción das miradas foráneas cara a un lugar onde se decidía sobre cuestións importantes para o mundo enteiro, senón tamén na súa calidade de axente provedor e difusor de novas de toda caste, recollidas e comentadas despois nos medios xornalísticos europeos, que adoito seguían a prensa londiniense.

En tales circunstancias, tiña que parecer rechamante o carácter negativo do que viñan revestidas a maioría das

informacións relativas a Irlanda, que reiteradamente desvelaban un panorama económico desolador, facían patente a existencia de ásperos conflitos políticos ou evidenciaban o fondo descontento que aniñaba na súa poboación. Sen dúbida, a maioría das referencias de procedencia irlandesa compoñían un debuxo que viña contradicir radicalmente a imaxe de sociedade satisfeita que debería corresponderse coa prosperidade e a liberdade das que, presuntamente, a nación británica gozaba nun grao descoñecido pola maioría dos europeos. Para os que rexeitaban o modelo político liberal e denunciaban os males da industrialización, Irlanda constituía a proba flagrante da falsidade das promesas de emancipación e progreso que anunciaban os discursos que promovían a ruptura revolucionaria co pasado. Pola outra parte, a crónica irlandesa enfrontaba cun desacougante paradoxo aos que vían na Gran Bretaña o facho que sinalaba a ruta da modernidade política e económica.

Como explicar, en todo caso, os relatos das lacerantes penalidades que, con inveterada teimosía, semellaban converter a miseria en distintivo consubstancial dos millóns de habitantes de Irlanda, precisamente no lugar que se tiña como arquetipo das extraordinarias transformacións da economía industrializada? Como entender as noticias que aludían ás mobilizacións masivas dos irlandeses en demanda de liberdade e dereitos xusto no Estado que facía ostentación dun sistema político que semellaba garantilos coma en ningures? Fose por desconcerto, fose por desaprobación ou mesmo por envexa da potencia británica, eran moitos os comentaristas e intelectuais europeos que procuraban unha resposta a tales interrogantes. Desde a óptica liberal, para poder confirmar a caracterización da Gran Bretaña como o modelo co que soñaban para os seus propios países, nalgúns dos cales, como en España, se abría paso entre considerables dificultades. Desde unha visión reaccionaria, para denunciar os males que se atribuían á quebra do *vello*

réxime que moitos aínda aspiraban a manter ou a recuperar nas súas nacións. De calquera xeito, por unha ou por outra razón, Irlanda mantivo naqueles tempos unha significativa *visibilidade* nos medios de comunicación a través dos que se informaban as clases instruídas europeas. O carácter extremo co que a miúdo se manifestaban os problemas da pequena illa oceánica forneceu dun rico depósito de argumentos aos participantes no debate intelectual e político da Europa dos anos medios da centuria. Moitas das batallas dialécticas que daquela se disputaron no escenario público combatéronse, de feito, coa munición retórica que achegaban as novas que proviñan das terras irlandesas a respecto da discriminación relixiosa, da inestabilidade política ou das penurias materiais que marcaban as vidas dos seus habitantes. En numerosas ocasións, os problemas económicos e sociais irlandeses, así como as medidas administradas na illa polas autoridades británicas, serviron como referencia comparativa para analizar os diversos modos de solucionar estados de pobreza e atraso propios en parlamentos, gobernos e medios impresos de variados países do continente. Irlanda, a este respecto, constituía un exemplo ben apropiado para uns momentos nos que en toda Europa se mantiña aberta a polémica confrontación sobre a liña de política económica máis conveniente para acadar o progreso e o benestar das sociedades, contrastando os beneficios que podían derivar dunha orientación proteccionista coas vantaxes que se lle atribuían á vía librecambista que patrocinaban os británicos.

Tamén no seo dos reducidos grupos con inquietudes intelectuais e preocupacións políticas da Galicia do momento foi constituída a illa irlandesa en elemento referencial dun discurso que, en medio do complexo proceso de instauración do Estado liberal, erixía o país propio en suxeito diferenciado no ámbito territorial da soberanía española, como medio de garantir a mellor defensa dos intereses dunha

rexión que tiñan por desatendida e relegada polas autoridades centrais. En efecto, para os autores que promovían a consideración de Galicia como entidade politicamente significativa, a relevancia dos sucesos irlandeses ancoraba na posibilidade de os *representar* como un espello no que reflectir os problemas da terra propia. Con tal fin, acomodaron as noticias daquela orixe aos seus propósitos inmediatos, quer dicir, a confirmación da veracidade da descrición de Galicia que estaban a compoñer e a lexitimación das demandas que inferían dela. A motivación instrumental, por tanto, foi o determinante básico da recepción galega do retrato europeo de Irlanda e, ao seu través, do tratamento da súa historia e mais a súa actualidade, convenientemente axeitadas aos designios que xustificaban a especial atención ao que alí estaba a suceder.

A representación derivada do achegamento a Irlanda desde Galicia nos decenios centrais do século XIX tiña que amosar, por forza, a dependencia dos condicionantes principais que enmarcaron o seu desenvolvemento constitutivo, subsumidos todos eles nunha determinación orixinaria de orde política, expresada en graos diversos pero sempre presente, cando menos de maneira implícita, na aproximación ao horizonte irlandés. En primeiro termo, a caracterización debía gardar concordancia coa imaxe europea de Irlanda na época, ben consolidada como *evidencia* e, por tanto, fixada como patrón ineludible da verosimilitude do correspondente debuxo galego. En segundo lugar, xerada nos decenios de asentamento do novo sistema constitucional, a figura resultante tiña que ser coherente co proxecto do sector máis puxante da intelectualidade do liberalismo rexional, que pretendía definir Galicia como entidade singular no contexto español, principalmente por medio do recordatorio da súa historia peculiar como país céltico e da conseguinte natureza distintiva do seu pobo. Por último, era inevitable que o perfil trazado reflectise o propósito ins-

trumental ao servizo dos intereses senlleiros do país galego, segundo os definían os propoñentes da comparanza irlandesa. A eficiencia utilitaria esixía, de tal xeito, que Irlanda e o seu pobo fosen retratados como semellantes a Galicia e as súas xentes.

En suma, a recepción da imaxe europea da illa oceánica xa establecida, a concorrente caracterización céltica de Galicia e a funcionalidade que se lle asignaba ás alusións ao país insular estableceron, pois, os determinantes básicos sobre os cales se foi conformando a primeira figuración galega de Irlanda.

ÍNDICE

I. MISERIA E ALMA CELTA: NACEMENTO DA REPRESENTACIÓN DE IRLANDA COMO ESPELLO DE GALICIA (1840-1875).....	9
1. O condicionante xeral preceptivo: o estereotipo europeo de Irlanda	16
1.1. Referente paradigmático da miseria	17
1.2. Idiosincrasia céltica e atraso	37
1.3. Discriminación político-relixiosa	54
1.4. A figuración española de Irlanda.....	58
2. O factor rexional concorrente: a singularización céltica de Galicia.....	79
3. A determinación funcional: un retrato por asociación coa Irlanda española	93
3.1. Galicia como a Erin de España.....	93
3.2. O pobo irlandés como arquetipo de pobo sufrinte ...	112
3.3. A envexa de Galicia: a mobilización da sociedade irlandesa	129
3.4. A caracterización céltica de Irlanda.....	136
4. A primeira representación galega de Irlanda.....	158
4.1. A terra da pobreza e a dor.....	162
4.2. Prototipo de país céltico	176
4.3. Confluencia identitaria: a integración da singularidade irlandesa no Estado británico	183
5. A imaxe galega de Irlanda ata 1875: limitacións e singularidade do primeiro retrato irlandés.....	190
5.1. A singularidade da representación	199

II. LOITA POLA TERRA E AUTOGOBERNO: REFORMULACIÓN DA FIGURA DO POBO IRLANDÉS COMO REFERENTE IDEAL (1875-1916)	219
1. A Galicia do Norte: a miseria dun país rural como paisaxe de fondo	225
1.1 Irmandade na desgraza: a reiteración do tropo da Irlanda española	230
1.2. Actualización da estampa da pobreza irlandesa	238
1.3. Determinación e análise das causas da miseria en Irlanda	254
1.4. O conflito agrario irlandés na perspectiva da problemática foral	277
2. Un pobo en pé: a mobilización pola terra e o home rule	297
2.1. Significación política da contenda agraria	298
2.2. A redefinición política da cuestión irlandesa: acomodo constitucional do autogoberno	328
2.3. A continxencia da nova imaxe: entre a sombra agrarista e a reivindicación nacional	333
2.4. O home rule no contexto da teorización do rexionalismo galego	366
2.5. Insuficiente descrición da autonomía irlandesa	385
2.6. Dúvidas e irresolución do novo retrato: a persistencia dos clichés xerais e a faciana violenta do espírito reivindicativo	407
2.7. A recuperación da vía autonomista sobre o fondo da imaxe épica dos irlandeses	426
3. O perfil etnocultural do retrato irlandés: un pobo celta e católico	448
3.1. Ratificación de Irlanda como arquetipo céltico	449

3.2. Incorporación da identidade relixiosa ao retrato.....	462
4. Irlanda como modelo: límites da representación e distanciamento da realidade.....	477
5. A reconfiguración normativa da imaxe de Irlanda, 1875-1916.....	505
III. ENTRE A ESENCIA CÉLTICA E O IMPERATIVO POLÍTICO: REELABORACIÓN AMBIVALENTE E INSUFICIENCIA MODÉLICA DO RETRATO GALEGO DE IRLANDA (1916-1936).....	515
1. O problemático acomodo da Irlanda revolucionaria na narrativa galeguista: dúbidas, integración solidaria e silencio, 1916-1922.....	519
1.1. Anfiboloxía da insurrección de 1916: primeiras representacións galegas.....	519
1.2. Persistencia do designio autonomista.....	532
1.3. Abandono da ambigüidade: a lectura pasional da realidade irlandesa.....	540
1.4. Quebra do espello titorial.....	567
1.5. Distanciamento cauteloso ao abeiro da cultura.....	591
2. A obrigada prórroga culturalista da indeterminación política, 1923-1926.....	610
2.1. Os límites conxunturais da representación: Ditadura en España, debilitación galeguista e incerteza en Irlanda.....	611
2.2. Caracterización cultural da identidade irlandesa.....	636
3. A restauración da faciana política da figuración galega de Irlanda, 1927-1936.....	669
3.1. A dobre determinación do retrato: asentamento do autogoberno e continuidades conceptuais.....	671

3.2. O anovamento político da representación.....	679
3.2.1. Relectura atlantista do estereotipo céltico.....	680
3.2.2. Recuperación do paradigma autonomista e lexitimación do Estado Libre: independencia e políticas nacionais.....	688
3.2.3. Contraste da realidade co ideal nacionalista....	717
3.2.4. Débil configuración do retrato alternativo e inclusión do simbolismo republicano na representación autonomista	728
3.3. A resolución integradora da ambigüidade: confluencia de miradas na representación da Irlanda independente	747
4. A inestable proxección da imaxe de Irlanda como modelo para Galicia, 1916-1936	776
4.1. Cara ao baleiramento funcional da proposta modélica: da ilusión autonomista á utopía revolucionaria, 1916-1922.....	778
4.2. A preservación indirecta da faciana política do símil irlandés, 1923-1926	799
4.2.1. O refuxio cultural como sucedáneo político ...	799
4.2.2. Evocación de Irlanda a través da reforma territorial británica e mais do discurso agrarista	805
4.3. A difícil recuperación da plenitude modélica: cambio contextual, esixencia política e achegamento da realidade irlandesa, 1927-1932.....	814
4.3.1. Discordancia entre o ideal celtista e as manifestacións culturais	817
4.4. A evanescente presenza de Irlanda no proceso autonomista galego, 1933-1936	854